Cáritas
Diocesana de Lugo



# Alí onde nos necesitas

## abrimos camiño á esperanza

MEMORIA 2023

# Índice


04 Benvida da Directora

06 Que é Cáritas Diocesana de Lugo?

10 Cáritas na Diocese

12 Agradecemento

14 Programas Diocesanos

80 Fondo “Sempre Xuntos”

82 Financiación e Transparencia

86 Institucións Colaboradoras

87 Certificación Applus+ e Plan de Igualdade




FOTO: MIGUEL PIÑEIRO. EL PROGRESO

# Saúdo da Directora

A memoria anual de Cáritas Diocesana de Lugo é un testemuño do compromiso continuo coa comunidade e unha mostra de solidariedade en tempos de adversidade. Reflicte non só as actividades e logros alcanzados, senón tamén o espírito de colaboración e a dedicación de todas as persoas involucradas.

A través da asistencia directa e o apoio constante, Cáritas respondeu ás necesidades urxentes daquelas persoas afectadas pola crise económica e os conflitos globais, mantendo a dignidade e o benestar delas como a súa máxima prioridade.

O ano 2023 presentou desafíos importantes que puxeron a proba a resiliencia e a capacidade de adaptación da organización.

Cáritas Diocesana de Lugo mantívose firme na súa misión, estendendo o seu alcance para abordar as crecentes demandas de axuda. A crise económica exacerbou as dificultades existentes, pero a resposta de Cáritas foi rápida e eficaz, grazas ao apoio incansable, solidariedade e xenerosidade de voluntarios e voluntarias, persoal traballador, párrocos, entidades relixiosas, socios, socias e colaboradores.

O labor de Cáritas é un recordatorio poderoso de que, mesmo nos momentos máis escuros, a humanidade pode prevalecer a través da compaixón e o servizo desinteresado. A organización segue comprometida coa mellora das condicións de vida, a redución da brecha educativa-dixital e a promoción de oportunidades equitativas para todos e todas.

En recoñecemento a este esforzo colectivo, a memoria de Cáritas Diocesana de Lugo non só documenta un ano de traballo, senón que tamén serve como unha chamada á acción para continuar apoiando ás persoas en situación de vulnerabilidade, loitando contra a desigualdade e a exclusión social.

É un reflexo do amor e a gratitude que Cáritas ten cara á súa comunidade e un recordatorio de que cada contribución, grande ou pequena, ten un impacto significativo na vida das persoas.

Esta mensaxe non só pecha un capítulo de esforzos e logros, senón que tamén abre a porta a novas posibilidades e esperanzas para o futuro. A memoria é, por tanto, un documento vivo que inspira e motiva a seguir traballando con fervor e dedicación no servizo aos demais.

A todos e todas, con agradecemento e afecto, en nome da entidade, saúdolles.

Amparo González Méndez,
Directora de Cáritas Diocesana de Lugo.



**Somos a presenza institucional da nosa Igrexa Diocesana que quere comprometerse coas realidades de pobreza e exclusión social de Lugo.**

O servizo aos nosos irmáns máis vulnerables céntrase na acollida.Nun acompañamento persoal desde a situación de cada un e no esforzo pola súa integración social. Pero máis aló deste traballo tamén se desenvolven outras funcións propias da nosa identidade.

**Coordinamos e promovemos a acción das Cáritas** Parroquiais, Interparroquiais e Arciprestais ou Zonais e das Asociacións e Institucións de acción caritativa e social federadas e promovemos a comunicación cristiá de bens entre elas, procurando así que a Igrexa dea un testemuño comunitario de unidade e caridade.

**Difundimos o espírito de caridade evanxélica e xustiza social**, procurando formar a conciencia dos cristiáns de maneira individual e comunitaria, conforme ás orientacións da doutrina social da Igrexa.

**Organizamos e potenciamos iniciativas tanto privadas como públicas**, a fin de atopar unha solución aos problemas das persoas vulnerables e cooperar, na medida en que sexa posible e adecuado, cos organismos provinciais, autonómicos, nacionais e internacionais de asistencia e acción social, así como coas entidades de acción caritativa doutras confesións relixiosas.

**Estudamos os problemas que provoca a pobreza na Diocese**. investigar as súas causas, promover, animar e urxir solucións conformes á dignidade da persoa humana e as esixencias de xustiza social.



# A Nosa Misión

É acoller ás persoas en situación de pobreza e necesidade e traballar xunto a elas para que sexan protagonistas do seu propio desenvolvemento integral,desde o compromiso da comunidade cristiá. Inclúe a acción social, a sensibilización da sociedade e a denuncia das situacións de inxustiza con feitos e palabras para conseguir un mundo máis xusto e solidario. Así pois, desde Cáritas queremos construír entre todos un mundo onde os bens terreais sexan compartidos por toda a humanidade:

Desde a dignidade da persoa: ao servizo dos máis pobres, sen distinción de relixión nin orixe cultural ou étnico, para que consigan chegar a ser actores e suxeitos da súa propia historia.

Desde o traballo pola xustiza social: loitando contra a pobreza, a exclusión, a intolerancia, a discriminación e contra toda forma de violación dos dereitos humanos.

Desde a solidariedade e o compartir fraterno: para que todos sexamos verdadeiramente responsables de todos.


# Os Nosos Valores

Os valores de Cáritas Diocesana son os recollidos no Evanxeo: a esperanza, a xustiza, a fraternidade, a solidariedade e o compartir.

Con estes valores desenvolvemos a nosa acción ao servizo das persoas máis necesitadas, coidando a súa dignidade, con creatividade, eficiencia e transparencia.

Consideramos fundamental incorporar como principio un modelo baseado na relación de axuda que fomenten as persoas que atendemos: a participación, a convivencia, a independencia, pero tamén a solidariedade e o apoio mutuo ou a interdependencia, favorecendo ao máximo a autonomía e a autorrealización.

# Cáritas na Diocese




Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e parroquias onde levamos a cabo a nosa acción.

Consulta o **mapa diocesano** escaneando o QR.

## 1 LUGO

**SERVIZOS XERAIS**
R/ Luis Peña Novo, 6.

- **Centro de Servicios y Ropero**
  Avd. das Américas 93-97.

### CÁRITAS PARROQUIAIS

- **San Pedro**
  R/ Nova, 42.
- **San Antonio**
  R/Tui, 39.
- **San Lorenzo de Albeiros**
  R/ Enebro, 11.
- **A Milagrosa**
  Plaza de la Milagrosa, s/n.
- **Santiago A Nova**
  R/ San Pedro, xunto a Correos.
- **San Francisco Javier**
  R/ Roi Xordo, 6.
- **San Froilán**
  Plaza del Ferrol, 14.
- **Sagrado Corazón**
  Polígono industrial de Sagrado Corazón, s/n.
- **San José As Gándaras**
  R/ San Xosé, s/n.
- **Buen Pastor**
  R/ Obispo Ona de Echave, s/n.
- **San Lázaro del Puente**
  R/ Luís Peña Novo, 6, (Servizos Xerais).

## 2 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE MONFORTE

R/ Costa da Pena, 2.

- **Ropero**
  R/ Chantada, 175, Bajo.

## 3 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SARRIA

R/ Formigueiros, 0.

## 4 CÁRITAS PARROQUIAL DE RÁBADE

Avd. dos Remedios,3.

## 5 CÁRITAS PARROQUIAL DE MEIRA

Praza do Concello, 7.

## 6 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE NAVIA DE SUARNA-CERVANTES

Avd. de Galicia, 21, 2ª, Navia de Suarna.

## 7 CÁRITAS PARROQUIAL DE SAN CLODIO E QUIROGA

Parroquia de San Martín de Abaixo, Apt correo,30, 27320, Quiroga.

## 8 CÁRITAS PARROQUIAL DE CHANTADA

R/ Juan XXIII, 27.

## 9 CÁRITAS PARROQUIAL DE MONTERROSO

R/ Ramón Díaz, 7.

## 10 CÁRITAS PARROQUIAL DE ANTAS DE ULLA

R/ Camino do Cura, s/n.

## 11 CÁRITAS PARROQUIAL DE MELIDE

R/ Mateo Segade Bugueiro, 2.

## 12 CÁRITAS PARROQUIAL DE LALÍN

R/ Z , s/n.

## 13 CÁRITAS INTERPARROQUIAL DE SILLEDA

R/ G, 3, bajo.

## 14 CÁRITAS PARROQUIAL DE PUEBLA DE SAN JULIÁN

R/ Benigno de Quiroga, 84.

## 15 CÁRITAS PARROQUIAL DE O CORPIÑO

Santuario do Corpiño, Santa Eulalia de Losón, Lalín.

## 16 PARROQUIA DE SANTIAGO DE ARNEGO

Santa Baia, Rodeiro, Pontevedra.

## 17 PARROQUIA DE FONSAGRADA

Obispado.

## 18 PARROQUIA DE PALAS DE REI

Igrexa de San Tirso de Palas de Rei.

## 19 PARROQUIA DE CASTRO VERDE

Igrexa Parroquial de Castroverde.

## 20 PARROQUIA DE O COUREL

Igrexa Parroquial de O Courel.

## 21 PARROQUIA DE PIEDRAFITA DO CEBREIRO

Igrexa Parroquial de Pedrafita do Cebreiro.

## 22 PARROQUIA DE FRIOL

Igrexa Parroquial de Friol.

***A actuación de Cáritas Diocesana de Lugo non sería posible sen o compromiso de moitos homes e mulleres*** que se empeñan en mellorar as condicións das persoas que peor o están pasando na nosa contorna e desde aí comprometerse na construción dunha sociedade máis xusta, digna e igualitaria para todos.

***Son os nosos voluntarios e traballadores, os nosos socios e doantes***, quen día a día, desde a súa xenerosidade, compromiso e traballo, fixeron posible toda a realidade de traballo que aparece nesta memoria.

Así como as ***institucións públicas e entidades privadas*** que apoiaron a xestión e o traballo de Cáritas Diocesana de Lugo.

*Gracias a todos.*



Pregón da Caridade 2023



## 36
## Persoas contratadas

Traballadores/as que se distribuiron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais, Serivizos Xerais e Programas Diocesanos.

## 407
## Persoas voluntarias

Voluntarios e voluntarias que se distribuiron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais e campañas en todo o territorio da Comunidade Autónoma Gallega que abarca a Diocese de Lugo.

## 7.500
## Persoas acompañadas

Persoas que foron directamente acompañadas por Cáritas Diocesana de Lugo durante o ano 2023.

## 24.698
## Persoas beneficiadas

Persoas ás que chegou a labor de Cáritas Diocesana de Lugo.

# Programas Diocesanos

En Cáritas Diocesana de Lugo temos unha serie de **programas de intervención social** que buscan a promoción, integración e inclusión das persoas e grupos en situación de exclusión social.


Acollida e Asistencia a Persoas a Marxinadas e Excluídas 18

Familias en Desvantaxe 24

Proxecto FAIN 28

Acollida a Familias no Rural 31

Emprego 33

Emplea Lab 36

Adquisición de Competencias Clave e Dixitais 37

Atención a Persoas con Discapacidade 42

Atención á Infancia 46

Atención á Xuventude 49

Intervención Educativa 52

Escola de Pais 55

Atención a Persoas Migrantes "Contade con Nós" 58

Migrantes "Participa con Nós" 61

Arraigo para a Formación 63

Maiores "Vivir na Casa" 65

Acollida a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual 67

Promoción da Saúde Integral das Mulleres 71

Acollida a Persoas Sen Fogar 74

Formación e Sensibilización do Voluntariado 76

# Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas

Un de cada catro galegos estaba en risco de pobreza ou exclusión social en 2023, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) da súa Enquisa de Condicións de Vida. Aínda que a taxa Arope que mide ese risco, sitúase en concreto nun 25,5% e áchase por baixo da estatal (26,5%), sería case dous puntos máis á rexistrada un ano antes.

Dentro de Galicia, Lugo é a provincia con maior porcentaxe de fogares con todos os seus membros en paro, cun 8,39%, séguelle Pontevedra con 8,20%, Ourense, con 8,01% e, por último, A Coruña.

O aumento da exclusión deuse de forma xeneralizada no conxunto da poboación, pero podemos identificar grupos e colectivos sobre os que a crise tivo máis impacto.

Un grupo tradicionalmente afectado, é o das familias con nenos, nenas e adolescentes no seu seo. Ter menores de idade a cargo segue sendo unha carga cando non hai apoios.

As dificultades que entraña a crianza e a debilidade dos apoios públicos ás familias con menores de idade, incrementan o risco de exclusión social nestes fogares: o 27% das parellas con fillos/as fronte ao 18% entre parellas sen fillos/as. Unha incidencia moito máis acusada no caso de que se trate dunha familia numerosa (47%) ou dun fogar monomarental/parental (49%), especialmente cando a persoa sustentadora principal é unha muller.

Por outra banda, o país de orixe é outro dos condicionantes que poden resultar determinantes. Así, a pandemia intensificou situacións de exclusión críticas para a poboación de orixe inmigrante e cronificou unha obvia posición de desvantaxe que se evidencia nunha clara sobrerrepresentación deste grupo no espazo da exclusión (38%) e que é aínda máis marcada no da exclusión severa (65%).

É importante insistir en que o espazo da exclusión social está habitado maioritariamente por poboación autóctona, pero que mentres que no conxunto da poboación os inmigrantes son 1 de cada 10 (15%) entre as persoas excluídas son case 4 de cada 10.

As dimensións como o emprego e a vivenda asócianse de maneira directa coa pobreza.

Os problemas relacionados coa vivenda teñen un impacto especialmente importante en Galicia. Por unha banda, o 28,1% da poboación galega viuse obrigada a reducir os custos das subministracións da vivenda (luz, auga, gas), o 17,6% tivo que reducir os custos do teléfono, a televisión ou internet, o 9,8% quedou sen diñeiro suficiente para pagar gastos relacionados coa vivenda e o 5,1% tivo que facer fronte a avisos de corte na subministración de electricidade, auga ou teléfono. Doutra banda, o 5,5% da poboación galega atópase en situación habitacional inadecuada e o 7,6% en situación habitacional insegura.

Por outra banda, a relación entre exclusión social e emprego adoita derivarse, aínda que non necesariamente, da crecente prevalencia de situacións de pobreza no emprego. Neste sentido, cabe lembrar que os niveis de exclusión non son desprezables entre os fogares sustentados por persoas ocupadas, o 11,7% deles atópase nesa situación e o 32,7% dos fogares en situación de exclusión social en Galicia contan co apoio dunha persoa ocupada no mercado laboral. Cabe sinalar, unha preocupante realidade dos fogares que non logran saír de situacións de exclusión a pesar de estar a traballar.

Doutra banda, a dispersión das parroquias dificulta a tarefa de formación, animación e coordinación das persoas e colectivos que están a levar a cabo actuacións cos colectivos máis vulnerables.

Un terzo de todos os núcleos de poboación de Galicia teñen xa menos de dez residentes. Nesta situación atópanse 4.428 municipios de Lugo, 2.860 da Coruña, 1.001 de Ourense e 937 de Pontevedra. Se non hai remedio, a súa desaparición é cuestión de tempo.

Na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 unha das súas prioridades e obxectivos é a abordaxe de cuestións relacionadas cos impactos dos desequilibrios territoriais nas dinámicas de exclusión/inclusión social das persoas.

Un aspecto que Cáritas Diocesana de Lugo vén abordando desde os seus inicios a través dos diferentes programas de intervención que leva a cabo, xa que as súas actuacións chegan aos núcleos de poboación máis abandonados do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aqueles aos que nin as empresas nin as Administracións chegan xa que non é rendible.

Son moitas as Cáritas Parroquiais que están a levar a cabo accións (principalmente atención primaria), para axudar a persoas en situación de desigualdade. Isto representa unha realidade e un potencial de voluntariado dificilmente comparable ao de calquera outra asociación.

Sumado aos aspectos anteriormente mencionados, a situación de crise sociosanitaria provocada pola COVID 19 provocou unha gran fenda de desigualdade, especialmente nos grupos máis vulnerables, que se suma á taxa de inflación, que en setembro foi do 9%, o que significa que os alimentos máis básicos dispárense, provocando que moitas familias non poidan encher a cesta da compra.

Durante o ano 2023, os servizos de Cáritas Diocesana de Lugo víronse desbordados pola avalancha de peticións de axuda.

Esta actuación levouse a cabo con 3.187 persoas en risco en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

As demandas centráronse en alimentación, vivenda, subministracións, formación e procura de emprego, asesoramento social, educativo, xurídico e apoio psicolóxico ante a soidade e a incerteza.

Cáritas Diocesana de Lugo leva máis de 20 anos traballando dentro dos seus procesos de acompañamento, a autonomía e dignidade da persoa. Logramos implementar un sistema de axuda que non só atende ás necesidades básicas, senón que tamén promove a inclusión e o empoderamento.

A entrega de axuda alimentaria mediante cheques e tarxetas moedeiro é unha innovadora forma de respectar a elección individual e fomentar a independencia, mentres que as transferencias bancarias para o alugueiro e subministracións reforzan a responsabilidade persoal e evitan a estigmatización.

Os obradoiros de Organización Económica levados a cabo en cinco lugares estratéxicos da diocese (Lugo, Sarria, Monforte, Melide, e Lalín) son fundamentais para proporcionar aos fogares vulnerables as ferramentas necesarias para xestionar as súas finanzas, o que pode ter un impacto significativo no seu benestar a longo prazo.

Ademais, puxemos en marcha o servizo de apoio psicolóxico individualizado, o cal aborda as consecuencias emocionais da pobreza, como a depresión e a ansiedade, ofrecendo un soporte integral que vai máis aló da axuda material.

Este enfoque holístico non só mellora a calidade de vida das persoas no presente, senón que tamén constrúe as bases para un futuro máis estable e próspero para eles e as súas familias.

A periodicidade semanal das axudas garante unha asistencia e un acompañamento constante.

A derivación aos diferentes servizos internos de Cáritas Diocesana de Lugo (Emprego, Familias, Muller, Intervención Educativa…) e a coordinación cos distintos axentes externos (traballadores sociais dos concellos, centros de saúde, entidades do terceiro sector…), fan posible que acompañemos ás persoas dunha maneira integral.

**3.187**

Persoas acompañadas de 1.537 familias polo programa **Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas.**

**67%** Persoas acompañadas nas Parroquias.

**33%** Persoas acompañadas nos Servizos Xerais.

**56%** Mulleres
**44%** Homes

**15%** Menores de 18 anos.

## Actividades en Servizos Xerais

- **Entrevistas semanais** coas persoas.
- **Axudas para cubrir necesidades básicas.**
- **Reparto das doazóns** en especies ás Cáritas Parroquiais e Interparroquiais.
- **Análise de cada situación**.
- **Información, orientación e acompañamento**.
- **Derivación ao servizo de asesoramento xurídico.**
- **Orientación a distintos niveis:** familiar, escolar, laboral, etc.
- **Derivación aos Programas de:** Emprego, Familias, Intervención Educativa…, de Cáritas Diocesana de Lugo.
- **Derivación e coordinación** coas traballadoras sociais dos concellos, centros de saúde e outras entidades do terceiro sector.
- **5 Obradoiros de Organización Económica** en colaboración coa Fundación do Banco Santander.
- Reunións periódicas de **planificación e organización do equipo**.
- **Conexión con distintos estamentos públicos e privados** para o coñecemento dos servizos que prestan.
- **Servizo de Roupeiro Diocesano.** Este é un servizo transversal. A el acoden persoas derivadas polos diferentes Programas de Cáritas, das diferentes Cáritas Parroquiais da diocese, dos Servizos Sociais do Concello de Lugo e dos diferentes concellos da diocese, Programa sen Teito da Cruz Vermella, dos Centros Penais de Bonxe e Monterroso, etc.

## Actividades en Parroquias

- **Entrevistas semanais coas persoas.**
- **Información, orientación e acompañamento.**
- **Axudas para cubrir necesidades básicas.**
- **Visitas a domicilio.**
- **Reunións de análise de cada situación.**
- **Servizo de Roupeiro** nas Cáritas Interparroquiais de Monforte e Sarria.



| Tipo de axudas entregadas en 2023 | Cantidad |
|---|---|
| Alimentos | 2595 |
| Vivenda | 873 |
| Subministracións | 456 |
| Outros | 209 |

| Ingresos de las Familias | % de Familias |
|---|---|
| Sen Recursos | 59% |
| RISGA | 17% |
| PNC | 9% |
| IMV | 5% |
| Outros | 10% |

| Tipos de Familias | % de Familias |
|---|---|
| Numerosa | 2% |
| Monoparental | 15% |
| Persoa Sola | 29% |
| Parella con Fijos (Familia Nuclear) | 30% |
| Parella sin Fijos | 11% |
| Outro Tipo de Parentesco | 11% |
| Sen Fogar | 2% |

**71%** Vivenda en réxime de Aluguer.
**11%** Vivenda en réxime de Realuguer.

**34%** Compostas por persoas Desempregadas.
**36%** Compostas por persoas sen Permiso de Traballo.

## SERVIZO ROUPEIRO

Na actualidade existen 3 roupeiros na Diocese: Lugo, Monforte e Sarria.

| Persoas que acudiron aos roupeiros diocesanos | |
|---|---|
| Lugo | 1.142 |
| Monforte | 158 |
| Sarria | 146 |







*"O programa de Acollida é o primeiro espazo ao que acode calquera persoa que necesita axuda. As persoas que formamos o equipo somos os primeiros rostros que ven cando chegan, sabendo que moitas delas chegan con medos, inseguridades etc., polo que esta primeira atención é moi importante.*

*Desde o primeiro momento téntase acompañar ás familias nos seus procesos a través de escoita activa e desde a proximidade.*

*Nestes últimos anos, o perfil das persoas que chegan a este programa é diferente e, por tanto, a nosa atención tamén se foi adaptando ás súas peticións.".*

*Coral Pérez y Concepción Romero.*
*Técnicas do Programa Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas.*



**217** Voluntarios/as colaboraron no programa **Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas.**

**12** Persoas traballaron no el programa **Acollida e Asistencia a Persoas Marxinadas e Excluídas.**

# Familias en Desvantaxe

O Programa de Familias en Desvantaxe é un servizo que realiza unha intervención integral coas familias, abordando as distintas áreas, utilizando distintos instrumentos metodolóxicos que fan participes ás familias do seu propio proceso vital.

Non existe ningún programa destas características nas zonas onde Cáritas Diocesana de Lugo desenvolve este programa. Ademais, é un servizo complementario aos servizos comunitarios de base tanto no ámbito público como privado. Son moitas veces os propios traballadores dos concellos ou dos centros de saúde os que derivan as familias a Cáritas para recibir un acompañamento máis integral e individualizado.

O estudo da Fundación FOESSA destaca o grave impacto do aumento do custo de vida nos fogares máis vulnerables, especialmente aqueles que aínda non se recuperaron dos efectos da crise económica e social desencadeada pola pandemia. A situación en Galicia é particularmente preocupante, con máis de 167.000 persoas afectadas por carencia material severa, representando un 6,2% da poboación da comunidade. Este incremento da pobreza, que subiu un punto porcentual en menos dun ano, reflicte unha realidade desafiante, aínda que a taxa de pobreza en Galicia segue sendo inferior á media estatal.

A situación dos fogares que se enfrontan con dificultades económicas é unha cuestión complexa que afecta a diversos grupos sociais. Estas dificultades poden ser particularmente agudas para os fogares en alugueiro, onde a inseguridade na vivenda pode levar a unha maior vulnerabilidade financeira. Ademais, as familias con nenos en idade escolar, persoas con discapacidades ou dependencias e aqueles con débedas ou sen ingresos estables, poden atoparse nunha loita constante para satisfacer as súas necesidades básicas.

O desemprego, especialmente cando afecta a varios membros dun fogar, pode exacerbar estas dificultades, deixando ás familias sen a capacidade de afrontar gastos imprevistos e reducindo a súa calidade de vida.

O programa de Familias en Desvantaxe, creado en 1994, foi un piar fundamental na loita contra a transmisión interxeracional da pobreza na Diocese, ofrecendo un enfoque integral para apoiar ás familias máis vulnerables.

Ao longo de tres décadas, innovou no campo dos servizos sociais, introducindo a intervención familiar e os plans de traballo personalizados nun momento en que estes conceptos eran novos. Na actualidade, segue sendo crucial, especialmente durante a crise socioeconómica actual, proporcionando apoio esencial ás familias que enfrontan riscos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O programa céntrase nun proceso de cinco etapas: acollida, acompañamento persoal, análise da realidade, elaboración do plan de traballo individualizado, seguimento e avaliación.



Este enfoque garante que as familias non só reciban axuda económica, senón que tamén se lles empodere para superar as súas dificultades a medio ou longo prazo, cun enfoque na personalización e a participación activa tanto das familias como do equipo do programa. A avaliación continua e a adaptación das estratexias son fundamentais para o éxito deste.

A atención individualizada permite adaptar as intervencións ás necesidades específicas de cada familia, mentres que o acompañamento grupal permite fomentar a creación de redes de apoio mutuo entre os participantes.

A colaboración estreita con técnicos de referencia estables é clave para construír unha relación de confianza e para garantir un seguimento personalizado e efectivo.

Este enfoque integral non só atende ás necesidades inmediatas, senón que tamén promove o desenvolvemento de habilidades e capacidades a longo prazo, facilitando así un camiño sostible cara á autonomía e ao benestar.

**59**

Familias compostas por **109 PERSOAS** foron acompañadas polo **Programa Familias en Desvantaxe.**

**76**

Persoas acompañadas directamente polo **Programa Familias en Desvantaxe.**

| Zona | Nª de familias acompañadas |
|---|---|
| Lugo | **26** Familias |
| Monforte | **9** Familias |
| Castro Caldelas | **9** Familias |
| Melide | **8** Familias |
| Silleda - Lalín | **7** Familias |



*"Desde que chegamos a Lugo, xa hai 8 anos, o que tivemos de apoio de Cáritas é moi grande e valioso.*

*Todos fan un traballo estupendo e o seu labor fai que a xente emigrante atope en Cáritas unha man amiga, un sorriso, un abrazo e que te escoiten. Iso para o min foi unha bendición.*

*Só queda dicir grazas, grazas por tanto.".*

*Mª Eugenia Gómez.*
*Participante do Programa de Familias en Desvantaxe.*




O Programa desenvolveu unha serie de accións centradas na dignidade e autonomía das persoas.

A acollida e orientación personalizada, xunto coa axuda a necesidades básicas, reflicten un compromiso co benestar integral das familias.

A utilización de vales, tarxetas moedeiro e transferencia bancarias para gastos esenciais promove a independencia e o control persoal sobre as finanzas. Ademais, a elaboración de plans de traballo coas familias e as visitas domiciliarias son fundamentais para adaptar os servizos ás circunstancias individuais.

Os obradoiros sobre intelixencia emocional, realizados nas catro provincias galegas, son un claro exemplo do enfoque holístico do programa, recoñecendo a importancia da saúde emocional no desenvolvemento persoal e familiar.

Estas accións conxuntas buscan non só atender as necesidades inmediatas, senón tamén fomentar un cambio sostible cara a un futuro máis positivo para as familias acompañadas.

O traballo realizado polo persoal técnico e os/as voluntarios/as foron esenciais para levar a cabo un programa que non só se centra no mantemento e as actividades diarias, senón que tamén proporciona un apoio significativo ás familias máis vulnerables.



*“É un pracer expresar o noso agradecemento polo apoio que Cáritas Lugo nos brindó neste tempo e máis cando estivemos en situacións difíciles.*

*Grazas a todos e todas estas lindas persoas que traballan aquí polos máis necesitados. O seu apoio é importante cando unha persoa o precisa.*

*Valoro moito en vostedes a súa escoita e paciencia. Eu sei que non é doado entender os problemas doutros e máis cando vimos doutros países en busca de estabilidade e tranquilidade.*

*Mil grazas a Cáritas Lugo.”.*

**53%** Mulleres
**47%** Homes

**29%** Menores de 18 anos.

**39%** Nacionalidade Española.

**46%** Familias monoparentais en Lugo.



Victor Quintero y Jhonatan Alexander.
*Participantes do Programa Familias en Desvantaxe.*

**4**
Voluntarios/as colaboraron no programa **Familias en Desvantaxe.**

**1**
Educadora social traballou no programa **Familias en Desvantaxe.**

# Proxecto FAIN

O Proxecto FAIN nace como proxecto piloto de abordaxe da pobreza infantil que desenvolve a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia en colaboración con entidades de iniciativa social.

Este proxecto vai dirixido a unidades familiares perceptoras de IMV e RISGA, así como a outras unidades familiares en situación similar en zonas rurais.

O ámbito territorial de intervención de Cáritas Diocesana de Lugo comprende os concellos de Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón, Saviñao e Sober.

A priorización destas unidades familiares vén determinada pola constatación das altas taxas de pobreza infantil e pola necesidade de reforzar os servizos específicos dirixidos á inclusión destas persoas.

A teoría do cambio que subxace na formulación do proxecto entende que unha atención intensa que se centre en respostas integrais e personalizadas pode contribuír a mellorar a súa inclusión social e a reducir ou evitar factores que poidan conducir a ou agravar unha situación de exclusión e pobreza. Ponse especial énfase na atención na infancia, xa que é máis eficiente, e sostida nun longo prazo de tempo, pode previr a transmisión da pobreza interxeracional.

O obxectivo xeral do Proxecto é mellorar os niveis de inclusión social das familias con nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade ou exclusión social. Para iso, centrámonos en ofrecer ás familias apoios sociais, económicos e servizos que impulsaron a súa activación inclusiva, facilitáronse apoios específicos no ámbito educativo tanto en educación formal como non formal, propiciáronse itinerarios cara ao emprego, mellorando as súas competencias e apoiándoos na procura activa.

Así mesmo, levouse a cabo unha avaliación dos resultados en todos os campos descritos que nos permitiu valorar satisfactoriamente o impacto conseguido nas familias acompañadas durante o proxecto.



- Grupos de Formación en Saúde e Coidados.
- Orientación Individualizada en Saúde e Coidados.
- Obradoiros Grupais para Mellorar a Calidade da Vivenda.
- Orientación e Apoio Individualizado na Vivenda.
- Obradoiros de Competencias Dixitais Básicas.
- Obradoiros de Responsabilidade Parental.
- Actividades de Participación Comunitaria.
- Grupos de Reforzo Educativo e Sesións de Apoio Individualizado.
- Grupos de Educación non Formal.
- Cursos de Formación en Competencias Básicas: Alfabetización, Permiso de Conducir B, Formación para o Emprego.
- Cursos de Formación en Competencias Profesionais: Formación Ocupacional e Certificados Profesionais.
- Sesións Individuais de Orientación Laboral.



**128** Familias acompañadas polo **Proxecto FAIN.**

**445** Personas acompañadas polo **Proxecto FAIN.**

**54%** Mulleres
**46%** Homes

**53%** Menores de 18 anos.

**46%** Familias monoparentais.

**69%** Perceptoras IMV.

**20%** Perceptoras RISGA.

**1** Voluntarios/as colaboraron no **Proxecto FAIN.**

**8** Persoas traballaron no **Proxecto FAIN:** traballadores sociais, orientador laboral, mestres,etc.



*"Foi, a verdade, unha idea moi boa en diversos aspectos, tanto física e psicoloxicamente falando, para as familias que dispoñemos de baixo recursos e a duras penas chegamos a final de mes.*

*Permitirnos a todos, grandes e mozos gozar de actividades de lecer en familia ou que os nenos coñezan ou realicen actividades que nos é difícil custear. Manténdoos entretidos, axudándolles e facilitándolles un apoio escolar, como tamén preocuparse polo seu estado emocional e psicolóxico.*

*Aos pais darlles ferramentas para un empuxón impartindo coñecementos laborais, realizando cursos, e brindando unha achega económica ás familias para minorar o peso dalgunhas débedas que presentaban os fogares.*

*Eu estou moi contenta de que me permitiran formar parte, porque sentín unha tranquilidade psicolóxica, física e emocional. Espero que non pase moito para que volvan aparecer proxectos ou ideas así ou parecidas. A día de hoxe é un respiro e unha forma de soportar a pesada mochila que cargamos nos tempo que vivimos e que custan cada vez máis.*

*Moitísimas grazas por todo.".*

*Ana Florencia Reyna.*
*Participante do Proxecto FAIN.*



# Acompañamento ás familias no rural

Os fenómenos de exclusión social no medio rural son relativamente descoñecidos na medida en que a análise destes problemas tende a enfocarse nas cidades. As persoas en situación ou risco de exclusión social no medio rural están relativamente mellor camufladas pola conformidade social e cultural, son menos numerosas e están máis dispersas no territorio, dado o tipo de poboación que caracteriza ás áreas rurais. Iso contribúe a que a evidencia física da exclusión estea oculta pola contorna.

Por tanto, a falta de servizos básicos no territorio e de oportunidades laborais, son os factores graves da exclusión social no medio rural e condicionan os ingresos, a identidade, a participación, a autoestima…

Por iso, é crucial abordar esta cuestión para promover unha maior igualdade e benestar nas comunidades rurais.

O noso programa ten dous eixos fundamentais:

- Apoiar ás familias para que poidan desenvolverse no seu territorio, tentando paliar o illamento e a soidade que padecen.
- Crear redes de apoio nos propios territorios que favorezan a integración das familias.



- Acollida, asesoramento e información.
- Acompañamento aos servizos públicos.
- Adestramento para a realización de actividades da vida diaria e adquisición de habilidades sociais.
- Atención doméstica, apoio psicolóxico,etc.
- Creación de redes de apoio nas diferentes zonas territoriais.
- Arreglos na vivienda e compra de material.
- Momentos de intercambio e animación coas distintas persoas que en cada zona realizan as accións.



O obxectivo principal do programa é mellorar o funcionamento persoal, familiar, social e laboral das familias, establecendo estratexias de carácter persoal e comunitario que favorezan a integración das mesmas na vida activa.

**8** Persoas acompañadas polo programa **Acompañamento ás Familias no Rural.**

**63%** Mulleres
**37%** Homes

**38%** Nacionalidade Española.

**50%** + de 66 anos.

**4** Voluntarios/as colaboraron no programa **Acompañamento ás Familias no Rural.**

**1** Técnica traballou no programa **Acompañamento ás Familias no Rural.**



# Emprego

O Programa de Emprego de Cáritas é esencial debido ás circunstancias desafiantes que afrontan as persoas que acoden a el. Estas persoas chegan ao programa en situacións de vulnerabilidade e carencia de oportunidades laborais axeitadas. Moitos participantes atópanse nunha situación de desemprego ou traballan en empregos precarios ou na economía mergullada.

Ademais da falta de emprego, estas persoas a miúdo enfróntanse con dificultades, como déficit de formación, ausencia de redes de apoio e recursos limitados. Estas circunstancias colócanos nunha posición de vulnerabilidade.

O emprego, se é digno e axeitado, é un paso crucial cara á inclusión social. Non ter emprego aumenta significativamente as posibilidades de estar en exclusión. Por tanto, o Programa de Emprego de Cáritas esfórzase por brindar a estas persoas as ferramentas necesarias para mellorar a súa empregabilidade, acceder a un emprego e mantelo.

En resumo, este programa é necesario para garantir que todas as persoas, independentemente das súas circunstancias, teñan a oportunidade de participar no desenvolvemento económico e gozar de condicións de traballo dignas. Só a través dun emprego libre, creativo e solidario pódese lograr unha verdadeira inclusión.

O Programa de Emprego de Cáritas ten como obxectivo fundamental garantir que todas as persoas teñan a posibilidade de exercer o seu dereito a un emprego digno, en igualdade de oportunidades. Para logralo, Cáritas ofrece unha variedade de ferramentas deseñadas para abordar as necesidades individuais de cada persoa, mellorando así o seu nivel de empregabilidade e aumentando as súas posibilidades de acceder e manter un emprego.

A poboación inmigrante residente na nosa comunidade sufriu con intensidade os efectos da crise social e económica dada a profundidade das desigualdades estruturais; a apertura de novas frontes de conflito e exclusión; e as debilidades do sistema de protección.

O número de persoas procedentes doutros países na nosa Diocese cada vez é maior e cada vez son máis as persoas inmigrantes que se atopan na súa chegada nunha situación de vulnerabilidade ou exclusión, sen vivenda, sen permiso para traballar, en situación de insuficiencia económica para cubrir necesidades básicas, e con graves dificultades para obter un emprego e acceder ao mercado laboral, véndose obrigados a traballar nunha economía mergullada en condicións de ilegalidade e explotación.

**Son múltiples e complexas as continuas trabas burocráticas que atopan tanto para poder acceder ao mercado laboral de forma regular como para poder acceder a unha vivenda digna e unha asistencia social en condicións dignas.**

Cáritas, a través da asistencia xurídica prestada ás persoas inmigrantes e as súas familias facilita a súa integración social e laboral na sociedade que os acolle promovendo tanto a participación económica, social como cultural e política en condicións de igualdade de trato.

A través das distintas actuacións realizadas non só recibiron apoio para remover os obstáculos que atopan no seu día a día para acceder aos seus dereitos, senón non tamén a asistencia, información e protección necesaria para poder afrontar os novos desafíos que expón a súa nova vida nun país estraño.

A inclusión non é un reto exclusivo para as persoas estranxeiras recentemente chegadas ao país, senón tamén para aquelas que obtiveron a autorización de residencia ou a nacionalidade española e para a súa descendencia, con pleno acceso aos servizos públicos e á protección integral dos seus dereitos.



• **Servizo de Información, Defensa, e asistencia xurídico/Legal:** todas as persoas inmigrantes contan con asesoría xurídica especializada en dereito de estranxeiría e movementos migratorios. A través dun servizo de consulta facilítase información e apoio nos seus procesos de regularización, así como información e acompañamento nas xestións e trámites ante as distintas autoridades competentes en materia de estranxeiría en cuestións tales como permisos de residencia, traballo, visados, xestións consulares, procedementos sancionadores, homologación ou validación de títulos, reagrupamento familiar, arraigamento, denuncias en situacións de explotación laboral, etc.

• **Servizo de asistencia técnico-xurídica no acceso á nacionalidade española:** ofrécese un apoio integral ás persoas estranxeiras no proceso de acceso á nacionalidade española.

•**Sesións info/formativas (TRAINING SESSIONS FOREIGN):** Desenvólvense sesións informativas grupais ao longo do territorio diocesano a fin de brindar información de primeira man sobre os principais aspectos legais en materia de estranxeiría onde as persoas estranxeiras reciben un manual informativo e poden expor as súas dúbidas e cuestións.



*"Na miña opinión o servizo foi excelente e estou agradecida cos técnicos polo seu labor profesional. Recomendo este servizo a outras persoas.".*



*Paola Saldoña.*
*Participante do programa "Contade con Nós".*

**445**

Persoas acompañadas polo programa **Atención a Persoas Inmigrantes "Contade con Nós".**

**68%** Mulleres
**32%** Homes



**386 - AMÉRICA**

**Países:**
Arxentina
Brasil
Colombia
Cuba
Costa Rica
Ecuador
Honduras
México
Nicaragua
Paraguay
Perú
R. Dominicana
O Salvador
Uruguay
Venezuela

**11 - EUROPA**

**Países:**
Rumania
Rusia
Suiza

**42 - ÁFRICA**

**Países:**
Ghana
Guinea Ecuatorial
Guinea Conacri
Marrocos
Nixeria
Senegal

**6 - ASIA**

**Países:**
Afganistán
Siria
Pakistán
Palestina

**2**

Técnicos/as traballaron no programa de **Atención a Persoas Inmigrantes "Contade con Nós".**



# Migrantes "Participa con Nós

As migracións foron unha necesidade para a humanidade desde a antigüidade.

Na actualidade, un dos principais obstáculos que impiden a integración dos inmigrantes e o seu acceso equitativo aos dereitos humanos nas sociedades de acollida, son os sentimentos arraigados que existen en contra deles e as prácticas discriminatorias.

É vital que a sociedade comprenda que a emigración é un proceso traumático onde a persoa deixa a súa terra e a súa familia por necesidade e por vontade de progreso.

Unha convivencia pacífica, necesariamente implica unha adaptación mutua e unha construción compartida entre a poboación autóctona e a poboación estranxeira.

Desde o programa desenvolvemos e organizamos diversas accións encamiñadas a favorecer a participación social e inclusiva da poboación inmigrante, así como a convivencia intercultural.

Facilitamos a mediación e o apoio necesarios nas distintas fases de adaptación e asentamento.

Tentamos evitar o illamento da poboación inmigrante e favorecer a adquisición de habilidades e coñecementos pola súa banda, organizando diferentes actividades inclusivas, por exemplo obradoiros formativos e de lecer, saídas culturais e excursións; así como actividades encamiñadas a sensibilizar no respecto á diferenza cultural na sociedade de acollida.

- Obradoiro CCSE (Coñecementos Constitucionais e Socioculturais de España).
- Obradoiro DELE A2 (Diploma de Español como Lingua Estranxeira).
- Obradoiro de Iniciación ao Español.
- Obradoiro de Cociña Española.
- Obradoiro de Manexo de Tablets.
- Saída cultural ao Vello Cárcere de Lugo.
- Saída cultural ao Museo Provincial de Lugo.
- Excursión á Ribeira Sacra.
- Axuda económica nas necesidades básicas a 15 familias.



**123**
Persoas acompañadas polo programa **Participa con Nós.**

**71%** Mulleres
**29%** Homes

**64%** Entre 18 y 40 años.

**84%** Do continente americano.

**5**
Voluntarios/as colaboraron no programa **Participa con Nós.**

**1**
Técnico traballou no programa **Participa con Nós.**

*"Levo participando no voluntariado de Cáritas ao redor de corenta anos. Comecei formando parte dun grupo de mestres que, dentro da "campaña educativa de Cáritas", tiña como misión sensibilizar e animar a outros compañeiros, docentes coma nós, de todos os centros educativos da nosa Diocese, para que motivasen aos seus alumnos para participar con traballos individuais ou colectivos, en función do lema de cada Campaña do Día de Caridade.*




*Ao xubilarme, hai sete anos, comentáronme que necesitaban voluntarios para colaborar no programa de acollida a persoas inmigrantes "Participa con Nós", e aquí estou.*

*É unha tarefa gratificante e enriquecedora, pola que recibes moito máis do que dás. Axudas a persoas que teñen dificultades coa lingua castelá e a cambio enriquéceste coñecendo os distintos aspectos da súa cultura; contas coa súa amizade, confianza, agarimo e agradecemento. A todo isto, hai que engadir que te sentes útil, a túa mente mantense activa e tamén che axuda a manterte ben fisicamente.*

*Persoalmente agradezo a Cáritas a posibilidade de poder participar na súa magnífica tarefa de acollida e promoción das persoas. Animo a calquera persoa que dispoña dalgún tempo libre, a coñecer os distintos campos de voluntariado. Seguro que atopan algo que os faga sentirse satisfeitos, axudarse a si mesmos e tamén aos demais.".*

*Olga Fernández.*
*Voluntaria do programa "Participa con Nós".*



# Arraigo para a Formación

O Proxecto Piloto de Arraigo para a Formación desenvolvido por Cáritas Diocesana de Lugo no marco do acordo asinado coa Consellería de Promoción do Emprego e Iguadade, está dirixido a persoas inmigrantes en situación irregular en España que cumprisen unha serie de requisitos:

1 Persoas inmigrantes en situación irregular que levasen como mínimo 2 anos en España e non contasen cun permiso de residencia.

2 Acreditar boa conduta: non ter antecedentes penais nin en España nin nos seus países de orixe.

3 Levar empadroados nun municipio en Galicia un mínimo de 3 meses.

4 Comprometerse a realizar unha formación. No noso caso, o compromiso era a realización dunha formación denominada "Formación Básica en Cociña, Restauración e Aloxamentos Turísticos".

No período de execución do programa durante o ano 2023 realizáronse entrevistas con 51 posibles participantes.

Todos os candidatos entrevistados estaban en situación administrativa irregular e finalmente foron 20 os participantes: 9 en Lugo, 6 en Monforte e 5 en Sarria.

O primeiro obxectivo do programa era promover a regularización dos participantes conseguindo resolucións favorables de permiso de residencia dun ano vinculado á realización da formación.

Respecto ao segundo obxectivo do programa, a formación, asinouse un convenio coa Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo para impartir a formación. O proceso de formación iniciouse en Lugo e en Monforte.

Posteriormente, realizouse unha prospección inicial con distintas empresas do sector da hostalería de Lugo para ver a súa dispoñibilidade á hora de formar aos candidatos seleccionados, para realizar prácticas non laborais, co obxectivo último de conseguir a inserción laboral dos participantes.





O último obxectivo do programa, se cabe o máis importante, a inserción laboral dos participantes, desenvolverase ao longo do primeiro semestre do ano 2024.

**20**
Persoas acompañadas polo proxecto de **Arraigo para a Formación.**

**80%** Mulleres
**20%** Homes

**50%** Entre 18 e 40 anos.

**60%** De Colombia. Todos de América.

**90%** Con estudos non homologados.

**2**
Técnicos/as traballaron no proxecto de **Arraigo para a Formación.**



# Maiores "Vivir na Casa"

Maiores "Vivir na Casa" é un programa de continuidade que vén atendendo aos maiores desde hai máis de corenta anos, e que o seu obxectivo é apoialos para que poidan seguir vivindo na súa casa nas mellores condicións posibles, tentando paliar a soidade e o illamento que padecen, dando prioridade aos máis desfavorecidos e vulnerables por causas económicas, territoriais, sociais, dependencia, así como pola carencia de familia ou as dificultades desta para prestarlles os coidados necesarios.

Desde o programa temos como obxectivo promover a autonomía persoal das persoas maiores que se atopen nunha situación de especial vulnerabilidade, favorecendo a permanencia no seu domicilio e combatendo a soidade e o illamento social, respectando a súa vontade e o seu desexo.

O programa conseguiu que os maiores que a pesar da idade, a dificultade territorial, illamento ou soidade, queiran seguir vivindo na súa casa poidan facelo co noso acompañamento e apoio.



- Acollida, escoita, orientación e atención.
- Acompañamentos en domicilios, por teléfono, en residencias, xestións varias.
- Axudas económicas para necesidades básicas e urxencias.
- Contacto e colaboración con servizos sociais comunitarios especializados.
- Taller "Móvete en Compañía".
- Taller "Actuando en Compañía".
- Taller "Domina ou teu Móbil".



**71**
Persoas acompañadas polo programa **Maiores "Vivir na Casa".**

**68%** Mulleres
**32%** Homes

**73%** Nacionalidade Española.

**52%** Entre 70 e 79 anos.

**14**
Voluntarios/as colaboraron no programa **Maiores "Vivir na Casa".**

**2**
Técnicas traballaron no programa **Maiores "Vivir na Casa".**



*"Teño 77 anos e levo máis de 10 anos acudindo a Cáritas. Durante estes anos axudáronme moitísimo: xestionando axudas, apoiándome economicamente, organizando actividades para que aprenda cousas novas e escoitándome porque me gusta moito falar.*

*Cando acudo a Cáritas fágoo a gusto porque sei que me van a tratar ben porque son moi amables. É como visitar a unhas amigas.*

*A miña vida mellorou porque sei que ao meu lado teño unhas persoas que me van a acompañar e axudar no que necesite. Síntome acompañada e máis tranquila.".*

*Isabel Pérez.*
*Participante do programa Maiores "Vivir na Casa".*




# Atención a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual

**A violencia machista ten un impacto maior nas mulleres en situación de pobreza e exclusión social. A pesar dos avances sociais na protección dos dereitos das mulleres, a realidade social fálanos dunha profunda falta de oportunidades para aquelas que viven nas zonas máis empobrecidas e marxinais.**

Este proxecto busca analizar, visibilizar e denunciar a situación de violencia vivida pola muller na nosa sociedade en especial as mulleres vítimas de trata e explotación sexual, ofrecendo unha atención integral ás vítimas detectadas para a súa recuperación e reinserción garantindo os dereitos destas mulleres.

Cáritas, favorece a protección integral das vítimas, traballando no empoderamento das mulleres para que sexan protagonistas do seu propio desenvolvemento e deste xeito poder previr situacións de violencias desde a detección temperá e asegurar a sensibilización e incidencia como elemento transversal na acción .

Centrámonos na recuperación das mulleres vítimas de violencias machistas a través dunha atención integral, baseada nas súas demandas e necesidades, respectando os seus ritmos e evitando a re-vitimización. E ao mesmo tempo realizamos un achegamento aos lugares de prostitución para chegar ás mulleres que exercen prostitución e/ou son vítimas de trata con fins de explotación sexual, ofrecendo unha atención integral e facéndoas protagonistas dos seus propios procesos.




A
TRATA
É
VIOL
ENCIA
LUGO
DI
NON

- **Procesos de acollida e/ou acompañamento.**
- **Contacto e achegamento a contextos de prostitución.**
- **Apoio para mellorar a súa saúde física e psicolóxica.**
- **Información e asesoramento sobre os seus dereitos e os recursos existentes na contorna.**
- **Desenvolvemento persoal e social a través de actividades individuais e grupais.**
- **Apoio Económico para sufragar as súas necesidades básicas.**
- **Sensibilización e incidencia.** Día Europeo Contra a Trata, 18 de Outubro, e o 25 Novembro, Día Contra a Violencia de Xénero, así como charlas en distintos institutos da cidade.
- **Coordinación e traballo en rede** con todos os organismos públicos involucrados e outras entidades do sector social. Cáritas pertence á Rede Galega contra a Trata e Explotación sexual.



*"Mellorei en todo, foron un forte apoio moi importante na miña vida, un piar moi forte.*

*Eu sen vostedes non sairía do camiño, axudáronme moito, creron en min.".*

*Bianka.*
*Participante do programa Atención a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual.*

**145**
Mulleres acompañadas polo programa **Atención a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual.**

**61%** Do continente americano.

**1**
Voluntarios/as colaboraron no programa **Atención a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual.**

**3**
Técnicas traballaron no programa **Atención a Mulleres Vítimas de Trata, Violencia ou Explotación Sexual.**



# Promoción da Saúde Integral das mulleres

Vivimos nunha sociedade na que as mulleres, ademais de traballar fóra, seguen sendo as principais responsables do traballo na casa: son as principais coidadoras da familia, as provedoras da atención sanitaria no sector informal, encargadas do mantemento do fogar, da educación das nenas e dos nenos etc.

Esta distribución desigual das responsabilidades familiares e das tarefas domésticas que non adoitan recibir apoio, nin recoñecemento, nin remuneración, constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres no ámbito social non se produza plenamente, e conleve a afectación da súa saúde, non só física, senón tamén psicolóxica.



As participantes do proxecto son mulleres con escasa rede social de apoio que chegan a nós cunha demanda dunha atención psicolóxica ou ante a necesidade dun acompañamento que lles permita sentirse apoiadas durante o proceso vital que están a vivir.

Desde o noso proxecto, traballamos para fortalecer e apoiar a saúde integral das mulleres en situación de especial vulnerabilidade. Para iso, realizamos diferentes accións de continuidade, todas elas desenvolvidas a través dun acompañamento persoal que nos permite adaptarnos a cada realidade familiar.

É precisamente esta adaptación nas nosas accións a que diferenza este proxecto doutros servizos que apoian situacións similares e non logran responder aos tempos que cada muller precisa para poder levar a cabo o seu proceso de intervención. Situación que sen dúbida se ve reflectida no sentimento de acompañamento que as mulleres teñen durante todo a súa traxectoria no proxecto.

Levamos a cabo as actividades nos diferentes territorios da Diocese de Lugo que favoreceron a participación de mulleres das contornas rurais.




- I Ciclo de Saúde Integral da Muller.
- Obradoiro de Xestión do Estrés.
- Cineforum, Obradoiro pola Igualdade.
- Encontros, visitas e actividades culturais.
- Actividade de sensibilización para o 25N.
- Festa de Nadal.



**64**
Mulleres acompañadas polo programa **Promoción da Saúde Integral das Mulleres.**

**40%** Nacionalidade Española.

**50%** Entre 18 e 40 anos.

**2**
Voluntarios/as colaboraron no programa **Promoción da Saúde Integral das Mulleres.**

**2**
Técnicas traballaron no programa **Promoción da Saúde Integral das Mulleres.**







*"A miña situación antes de coñecer Cáritas non era moi boa que digamos. O meu estado de ánimo estaba bastante baixo.*

*O meu paso por Cáritas supuxo un cambio bastante grande a nivel económico e persoal, grazas a cursos de formación, obradoiros, atención psicolóxica e ao bo compañeirismo. Hoxe, o meu estado de ánimo está moito mellor.*

*Síntome máis apoiada e segura de min mesma. As visitas a museos, excursións para coñecer lugares novos etc. Todo débollo a Cáritas."*

*Isabel Gras.*
*Participante do programa Promoción da Saúde Integral das Mulleres.*

# Acollida e Acompañamento a Persoas Sen Fogar

Ao longo do ano 2023, a maioría das persoas que acudiron ao programa son persoas en situación de sen fogar, non tanto persoas "sen teito", que tamén, senón persoas con risco de quedar en situación de "sen teito" por non ter recursos para seguir mantendo unha vivenda, con vivenda insegura en tránsito entre aloxamentos colectivos, pensións, hostais ou rúa, ou por esgotarse o tempo en que as persoas acolledoras non poden seguir mantendo esta situación.

Xeralmente son persoas en situación irregular, mesmo indocumentadas, ou persoas de nacionalidade española con documentación caducada, sen seguimento de saúde, nin en atención primaria nin noutros recursos especializados, é dicir, persoas que estiveron e están fóra do sistema.

Habitualmente son persoas soas, sen rede de apoio familiar ou social, con algunhas problemáticas de saúde mental ou adiccións.

O enfoque deste programa parte do paradigma de traballo do "housing led policies", que entende o paso inicial e fundamental para o acompañamento ás persoas é ofrecerlles un recurso habitacional o máis seguro posible. E este foi o obxectivo con todas as persoas ás que puidemos acompañar. Facilitarlles e axudarlles a manter unha vivenda o máis estable posible e a partir de aí, poder traballar dun modo integral en todos aqueles ámbitos vitais que sexan necesarios, en función das demandas e necesidades detectadas e valorados ao longo das sesións de seguimento.





- Acollida e asesoramento.
- Axudas económicas (vivenda, alimentación, documentación, farmacia) e roupeiro.
- Atención psicolóxica.
- Coordinación con servizos sociais de atención primaria (SERGAS), así como técnicos de Cruz Vermella.
- Obradoiro grupal sobre Xestión Emocional.

**32** Persoas acompañadas polo programa **Acollida e Acompañamento a Persoas sen Fogar.**

**32%** Mulleres
**62%** Homes

**53%** Entre 41 y 60 anos.

**1** Voluntarios/as colaboraron no programa **Acollida e Acompañamento a Persoas sen Fogar.**

**2** Técnicas traballaron no programa **Acollida e Acompañamento a Persoas sen Fogar.**



*"Estaba na rúa, non tiña medios para unha vivenda ou un hostal para poder durmir, no que poder vivir, e con moitas dificultades de saúde, que me afectaba máis no inverno.*

*O paso por aquí foi positivo, sempre tiven o apoio das persoas de aquí, polo que lle dou as grazas, porque sempre me deron unha solución e puxeron os medios ao seu alcance, ou mesmo un pouco máis para saír desa situación.*

*Sentinme ben, a gusto, positivo, sempre apoiado en todo momento.*

*Mellorei en todo, ter un lugar digno para poder durmir, non estar a pasar frío, nin mollado, ter un teito para poder descansar.*

*O meu estado psicolóxico, que me atopo mellor porque atopei un apoio, unha axuda moi grande. En todo momento sempre tiveron a disposición de axudarme, con seguimento para saber como ía."*

# Formación e Sensibilización do Voluntariado

O voluntariado en Cáritas é fundamental para conseguir os obxectivos propostos pola entidade.

A formación e o seguimento do voluntariado é un elemento esencial para o seu desenvolvemento. A formación ten que ver por unha banda co servizo que se quere prestar e por outro coa necesidade de ser capaz de traballar en equipo e de madurar persoalmente en contacto coas realidades de exclusión. Abordar o tema da formación do voluntariado é un reto que garante a calidade da tarefa voluntaria. É a través da formación como o voluntario/a vai adquirindo cada vez máis forza social.

Un voluntario/a formado: abre campos para novas participacións e para a formulación de novos e ineludibles obxectivos da organización. É factor de cambio da organización, xa que a súa participación é cada vez maior, e obtén maior nivel de conciencia para poder tomar máis e maiores decisións.

As persoas voluntarias experimentaron unha mellora na súa formación, á marxe da dimensión vivencial ou experiencial que lles achega a colaboración. Entre os resultados que incidiron nas persoas voluntarias mencionamos aspectos relacionados co empoderamento, participación na toma de decisións en igualdade de condicións e os procesos de identidade.

A presenza do voluntariado permitiu estar en contacto coas realidades sociais. O voluntariado permitiu chegar e realizar multitude de accións en moitos lugares da nosa xeografía autonómica que doutra maneira non poderiamos levar a cabo. Garantiron a conexión co tecido social de cada unha das localidades nas que estivemos.

**407**

Voluntarios/as que se distribuíron entre as diferentes Cáritas Parroquiais e Interparroquiais, programas e campañas en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

**75%** Mulleres
**25%** Homes





**O voluntariado xoga un papel crucial na sensibilización da sociedade, actuando como un motor de cambio e unha ponte entre as diversas realidades sociais.**

A participación activa do voluntariado na actividade diaria da entidade, nas formacións específicas e nas campañas que se realizarán, permite que o voluntariado de Cáritas vexa reforzada a súa sensibilidade social e convértanse en defensores da solidariedade e a xustiza social, inspirando a outros a tomar acción e contribuír a un mundo máis xusto e fraterno.

Un dos eixes de Cáritas Diocesana de Lugo é mellorar a eficacia da comunicación, sensibilización e incidencia para transformar a sociedade. Somos conscientes dos grandes cambios que se están producindo no ámbito da comunicación, novas canles, etc. e debemos esforzarnos en facer unha comunicación máis eficaz, acorde coa nosa identidade e a nosa acción, para sensibilizar, concienciar e mobilizar a sociedade xerando un compromiso activo.

A sensibilización da sociedade compétenos a todos, axentes, voluntariado, directivos etc. Entre todos podemos facer unha rede que poida chegar a calquera persoa en situación de risco ou vulnerabilidade social. Desta maneira, faise unha fronte común con campañas de sensibilización realizadas a través das entidades de acción voluntaria conseguindo un voluntariado forte e comprometido cos problemas da sociedade.




Mesas Petitorias de Caridade 2023




- Entrevistas informativas ao posible novo voluntariado.
- Atención permanente ás persoas voluntarias.
- Reunións cos diferentes equipos de traballo voluntario.
- Xornada de Formación do voluntariado.
- Comunicación da actividade da entidade e campañas de sensibilización.
- Reunións da Rede Lucense de Voluntariado.
- Elaboración da memoria institucional.
- Elaboración e distribución dos materiais de sensibilización.



*"Estudei nun colexio Xesuíta, Escravas de Cristo Rey en Caracas. Sendo nena, as monxas, dúas tardes do mes, levábannos a zonas onde había necesidade, barriadas moi pobres, para levar cousas e compartir coa xente que alí vivía. Desde entón servir ao outro, con moito ou pouco, brindar a miña atención, o meu traballo de maneira voluntaria nútreme, faime sentir completa, dáme sentido.*

*Nesta oportunidade é aínda máis enriquecedor. O voluntariado pasou a ser para min un acompañamento, unha forma de inserción, incluíume nesta nova sociedade que me acolleu e á cal debía adaptarme despois de deixar atrás toda a miña vida, a miña estrutura social e laboral. Cheguei de Venezuela en decembro de 2018, con 50 anos e os meus fillos. Escapando da realidade nefasta que nos tocou vivir e buscando un lugar máis humano, con mellores oportunidades.*



*Aos días de chegar achegueime á parroquia da Milagrosa, onde me empadroei. Coñecín a Suso quen me abriu un expediente en Cáritas parroquial e o pai José Antonio entregoume unha bolsa con alimentos, chorei e díxenlle: síntome mellor dando que recibindo, e o Pai contestoume: "Inés a todos nos pasa o mesmo, non tes a exclusiva.". Nese momento decateime da sorte que tivera sendo voluntaria e agradecín a Deus e a todas as persoas que me permitiron servirlos. Comprendín a bendición que significa apoiar ao próximo, de ser solidario e a retribución en satisfacción para o espírito saber que nalgunha medida contribúes co benestar do outro. Agradecín o estar ao lado de dar en moitas oportunidades.*

*En Cáritas permiten e poñen todos os medios para que quen queira poñerse á orde para apoiar con boa vontade e amor poida facelo. Entrevisteime coa responsable de Voluntariado, maniféstelle o meu desexo de facer voluntariado, díxome que me chamarían. Chamáronme e ao día de hoxe permitíronme nestes anos participar en distintos labores: Apoiando ás traballadoras sociais nos proxectos parroquiais, asistindo en cursos de cociña para xente maior, coidando aos fillos das nais que participan dalgún proxecto de apoio psicolóxico ou de crecemento persoal e empoderamento, realizando actividades de recreación, biodanza especificamente a mulleres en situación vulnerable; colaborando na recadación para a entidade o Día da Caridade. En cada un destes proxectos, a experiencia foi nutritiva para o meu crecemento persoal, para o meu espírito.*

*Para min, ser voluntaria é unha bendición que me brinda a vida para recoñecerme no próximo. O voluntariado é a acción de amor, que nutre a alma, bríndache ao próximo, achégate a Deus. No voluntariado todo é ganancia e é de agradecer.".*

*Inés Carreira.*
*Voluntaria de Cáritas Lugo en varios programas.*

# Fondo "Sempre Xuntos"

O Fondo "Sempre Xuntos" ten como obxectivo apoiar ás familias das parroquias que debido á situación do COVID 19 viron agravada a súa situación.

A crise sanitaria provocada polo virus Covid 19 e o noso compromiso cristián coas persoas máis fráxiles e vulnerables deu como resultado na nosa Diocese a iniciativa Sempre Xuntos, cuxo obxectivo era axudar ás persoas enfermas que estivesen máis soas e necesitadas nas nosas parroquias.

- Acollida e acompañamento.
- Análise de cada situación.
- Axudas destinadas a:
  - Servizo de Axuda a Domicilio.
  - Vivenda.
  - Débedas Adquiridas.
- Reunións da comisión.

*"Sabemos que, na nova situación en que nos atopamos, as necesidades están a crecer, debido á crise económica e social na que estamos inmersos, afectando á vida cotiá de persoas e familias. Por iso, pareceunos corresponder á vontade inicial dos doantes ampliar agora os obxectivos aos que está destinado o Fondo "Sempre Xuntos", converténdoo nun "fondo diocesano" máis permanente, vinculado ás necesidades caritativas máis urxentes das nosas parroquias.".*



*Mons. Alfonso Carrasco Rouco. Bispo de Lugo.*



# Financiación e Transparencia

Cáritas Diocesana de Lugo ten entre os valores que guían a súa xestión, a austeridade e a transparencia, fortalecendo así a relación de confianza de tantas persoas e entidades no noso traballo.

Grazas ao financiamento público e privado investimos **2.652.253,04 €** nos diferentes programas que funcionan ao longo da diocese. Estas cifras mostran o compromiso da comunidade cristiá e da sociedade coas persoas en situación de exclusión.

| Fondos Públicos | | |
|---|---|---|
| Administracións Locais | 28.909,87 € | 1,1 % |
| Administración Autonómica | 1.523.860,89 € | 57,6 % |
| Administración Estatal | 47.921 € | 1,8 % |
| Unión Europea | 43.465,56 € | 1,6 % |
| **Total** | **1.644.157,32 €** | **62,2 %** |

| Fondos Privados | | |
|---|---|---|
| Socios | 61.682 € | 2,3 % |
| Doantes | 188.395,25 € | 7,1 % |
| Institucións | 303.865,86 € | 11,5 % |
| Donativos en Especie | 6.042 € | 0,2 % |
| Legados | 142.844,65 € | 5,4 % |
| Ingresos por Dividendos | 687,66 € | 0,03 % |
| Ingresos por Venta de Accións | 0 € | 0,00 % |
| Fondos Propios da Entidade | 304.578,30 € | 11,5 % |
| **Total** | **1.008.095,72 €** | **38 %** |



## Recursos Invertidos nas Persoas

| Persoal | 1.143.161,87 € |
|---|---|

| Axudas Directas Entregadas ás Persoas | 654.622,50 € | |
|---|---|---|
| Vivenda | 262.185,79 € | 40,1 % |
| Alimentos | 139.572,49 € | 21,3 % |
| Subministracións | 62.665,79 € | 9,6 % |
| Axuda Atención no Domicilio | 48.766,45 € | 7,5 % |
| Axudas de Formación | 52.741,10 € | 8,1 % |
| Atención Sanitaria | 39.385,59 € | 6 % |
| Material Escolar | 31.173,80 € | 4,8 % |
| Axuda Transporte | 291,14 € | 0,04% |
| Axudas Varias | 14.971,18 € | 2,3 % |
| Axudas Débedas | 1.637,90 € | 0,3 % |
| Documentación | 1.231,92 € | 0,2 % |


## Actividades cas Persoas

Cursos, obradoiros e actividades nas que participaron persoas acompañadas polos programas diocesanos.

| | |
|---|---|
| Actividades de Ocio e Tempo Libre | 52.307,45 € |
| Actividades Formativas | 141.216,19 € |

## Recursos Invertidos nos Programas

Total de recursos invertidos: 2.652.253,04€




## Gastos de Xestión e Administración

| | |
|---|---|
| Alugueiros | 48.315,32 € |
| Subministracións | 18.289,55 € |
| Material de Oficina | 9.320,57 € |
| Subcontratacións | 134.487,06 € |
| Asesoría Contable | 10.236,60 € |
| Asesoría Laboral | 2.762,76 € |
| Asesoría Informática | 61.911,22 € |
| Mecanización de Datos (SICCE) | 29.248,20 € |
| Limpeza | 30.328,28 € |

## INSTITUCIÓNS COLABORADORAS

*Cáritas Diocesana de Lugo dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO 9001 de Applus+.*

Cáritas Diocesana de Lugo dispón dun **Plan de Igualdade de Oportunidades** a través do cal se rexe no seu obxectivo de reducir as brechas de xénero e avanzar na consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Cáritas
Diocesana de Lugo

@CaritasLugo

facebook.com/caritas.lugo

caritas_lugo

***www.caritaslugo.es***

***Bizum***: 38079

Servizos Xerais
Cáritas Diocesana de Lugo
R/ Luis Peña Novo, 6, 27001, Lugo.
982 24 20 09